


A BUCETA





1. A partir do porta-retratos imos construír unha buceta, que xa sabes que é unha embarcación maior ca un bote e que, a diferenza deste, ten a proa e a popa da mesma forma.

2. Dobramos a figura inicial seguindo a liña marcada, para obtermos esta nova figura, á que lle damos un xiro de 180°.



3. Agarrando con ambas mans polos puntos "a" e "b", puxamos cara a fora, con moito coidado de que non nos rompa o papel.



4. Até que o temos aberto de todo, obtendo esta figura tridimensional. Observa as aletas triangulares que ten a ambos lados. Dámoslle media volta á figura.



5. Ten este aspecto de embarcación. As aletas que mencionamos anteriormente servirán como pés, para mantela varada "en seco".

6. Tiramos cara a fora as lapelas indicadas coas frechas, de proa e de popa.

A BUCETA (cont.)



7. Quedándonos destoutro xeito. Agora darémoslle forma á proa e a popa. Reparamos na figura aumentada dun dos extremos da embarcación.

8. O que temos que facer é dobrar a forma rectangular, levando os vértices "a" e "b" até o punto "m". Así colle a forma apuntada.



9. Se levamos o vértice "p" até o punto "m", que se indican na figura anterior, teremos a forma final da proa e mais da popa.

10. Velaquí a buceta rematada.



11. Que podemos tamén deixar con estoutras formas de proa e popa, ou outras que se che ocorran a ti.